



SPI GALICIA, S.A.
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

CONTRATACIÓN

PROCEDIMIENTO ABERTO SUBMINISTRACIÓN

*SUBMINISTRACIÓN DE CATRO VEHÍCULOS EN RÉXIME DE ALUGAMENTO PARA A SOCIEDADE PÚBLICA
DE INVESTIMENTOS DE GALICIA (SPI-GALICIA, SA)
SUSP230101*

XULLO DE 2023



ÍNDICE

A. FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS	4
B. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.....	7
CRITERIOS DE DESEMPATE.....	9
C. PREGO DE BASES	10
1. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	11
1.1. Obxecto do contrato	11
1.2. Prazo de Vixencia	11
1.3. Presuposto base de licitación e valor estimado do Contrato	11
1.4. Financiación.....	11
1.5. Réxime de pagos	12
1.6. Revisión de prezos.....	12
2. RÉXIME XURÍDICO	13
2.1. Recursos Contratación	13
2.2. Réxime de Invalidez do Contrato	14
2.3. Xurisdicción Competente	14
2.4. Garantías	15
3. PROCEDIMENTO DE ADJUDICACIÓN.	16
3.1. Licitación electrónica.....	16
3.2. Documentación	16
3.3. Capacidade para Contratar	16
3.4. Presentación de proposicións	17
3.5. Mesa de Contratación	21
3.6. Apertura da Documentación Administrativa. Sobre A	22
3.7. Apertura da Documentación Relativa ós Criterios Valorables de Forma Automática. Sobre B ...	22
3.8. Clasificación das Ofertas, Adjudicación do Contrato e Notificación da Adjudicación	23
3.9. Formalización do Contrato	27
4. EXECUCIÓN DO CONTRATO	28
4.1. Forma de Execución	28
4.2. Prazo e Prórroga.....	28
4.3. Responsabilidade do Contratista arrendador	28
4.4. Obrigas da Sociedade Arrendataria.....	30
4.5. Entrega e recepción das subministracións.	31
4.6. Responsable do Contrato	31
4.7. Protección de Datos	31
4.8. Cesión e Subcontratación.....	34
4.9. Modificación do Contrato	35
4.10. Condicións especiais de execución.....	37
4.11. Incumprimento do Contrato. Penalidades	38
4.12. Resolución do Contrato	41



4.13. Suspensión do Contrato	42
ANEXO I) DECLARACIÓN RESPONSABLE	43
ANEXO II) MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	47
ANEXO III) MODELO DE AVAL DEFINITIVO	48
ANEXO IV) ORIENTACIÓN PARA CUBRIR O DEUC.....	49
D. PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS.....	54
1.- Obxecto da contratación	55
2.- Características técnicas, de seguridade e de confort mínimas esixibles	55
3.- Condicións do alugamento	56
4.- Orzamento	59
5.- Pagamento.....	60



A. FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS

-
- 1) ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia)
Rúa Avelino Pousa Antelo nº1. 2º. CP 15.707. Santiago de Compostela
Tfno. 981.545.002 // Fax. 981.545.095.
Web. <http://www.spigalicia.es>
-
- 2) REFERENCIA DO EXPEDIENTE:** SUSP230101
-
- 3) NOMENCLATURA:** CPV: 34100000-8 CPA: 77.11.10
-
- 4) PROCEDIMIENTO, FORMA E TRAMITACIÓN**
- 4.1 **Procedemento de contratación:** Aberto Simplificado Negociado
Simp. sumario Restrinxido
- 4.2 **Forma de adjudicación:** Multicriterio Unicriterio
- 4.3 **Tramitación do expediente:** Ordinaria Urxente
-
- 5) OBXECTO DO CONTRATO:** Subministración
- Subministración de catro vehículos en réxime de alugamento para a Sociedade Pública de Investimentos (SPI-Galicia, SA)**
- O obxecto deste contrato de subministración consiste na contratación do alugamento sen opción de compra de catro vehículos , para a realización das labores propias por parte do persoal da Sociedade dotandoa duns medios de transporte axeitados.
-
- 6) ADMISIÓN DE VARIANTES** Si Non
-
- 7) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO**
- 7.1 **Orzamento base de licitación:** Importe IVE excluído: 96.000,00 € IVE :(21%) : 20.160,00 €
TOTAL IVE incluído: 116.160,00 €
- 7.2 **Valor estimado sen IVE** Noventa e seis mil euros (96.000,00 €)
-
- 8) LOTES :**
Neste procedemento non se establecen lotes, en base ao establecido no artigo 99.3 da LCSP, xa que a orixe e finalidade da subministración é unitaria. A realización independente da subministración dos catro vehículos, por diferentes contratistas podería facer que execución do contrato resultara máis difícil e gravosa dende o punto de vista económico e técnico pola necesidade de coordinar aos distintos contratistas.
-
- 9) PRAZO :**
DE ENTREGA: 30 días naturais a partir da formalización do contrato.
DE EXECUCIÓN: 48 meses unha vez entregados os vehículos.
O licitador non pode modificar o prazo na súa oferta, en caso de modificalo será excluído do procedemento de contratación.
-
- 10) GARANTÍA PROVISIONAL:** Non se esixe
-
- 11) GARANTÍA DEFINITIVA:** 5% do prezo final ofertado polo licitador.
-
- 12) CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN**
A adjudicación realizarase a favor da empresa que obteña maior puntuación segundo o sistema exposto nos criterios de adjudicación anexos a este prego.
-



13) PAGAMENTO:

Réxime de pagamento: 30 días dende a data de presentación da factura correspondente

Revisión de prezos: Non procede de conformidade co artigo 103 da LCSP

14) PRAZO DE GARANTÍA:

Durante o prazo de execución do contrato.

15) SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA / CLASIFICACIÓN

Clasificación do contratista: Grupo - Subgrupo - Categoría -

Medios de acreditación da solvencia económica e financeira (Artigo 87 da LCSP)

Criterio de solvencia e requisitos mínimos: o criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, sexa polo menos dunha vez e media o valor da anualidade media do contrato.

Dado o tipo de contrato, tamén se poderá xustificar mediante a existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao indicado no parágrafo anterior.

Medios de acreditación: O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Medios de acreditación da solvencia técnica (Artigo 90 da LCSP)

Criterio de solvencia: estimarase solvente o licitador que acredite, nas condicións sinaladas, a realización de contratos correspondentes ao ramo de subministracións ao que se licita cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor da anualidade media do contrato.

A acreditación da solvencia realizarase coa presentación dunha relación na que estea correctamente identificado o obxecto dos contratos, así como o importe, as datas e o destinatario.

Medios de acreditación: Unha relación, selada e asinada, das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizadas no últimos tres (3) anos que inclúa importe, datas e destinatario dos mesmos. As citadas subministracións acreditaranse, necesaria e exclusivamente, segundo cal sexa o seu destinatario por:

- Certificación expedida ou visada polo órgano competente (é dicir, o órgano de contratación), nos casos en que o destinatario sexa unha entidade do sector público.
- Declaración responsable do licitador, nos casos en que o destinatario sexa un suxeito privado.

O citado período de tres anos comprende:

- Respecto do ano 2020 subministracións realizadas desde o día equivalente ao seguinte da finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31 de decembro
- Os anos 2021 e 2022 completos.
- O período transcorrido do ano 2023, as subministracións realizadas ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Integración da solvencia con medios externos (Artigo 75 da LCSP)

En virtude do establecido no artigo 75 da LCSP, para xustificar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

Os medios de acreditación da solvencia de **empresarios non españois de estados membros da UE** serán os mesmos que para os empresarios españois.

16) MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS

De conformidade co establecido na cláusula 7.1 do PCAP, apartado b.2) non se recolle ningunha outra posible causa de modificacións previstas



17) SUBCONTRATACIÓN Límite máximo da subcontratación (prestacións que deben ser executadas polo adxudicatario)	Non se establece
18) GASTOS EN PUBLICIDADE Non proceden	
19) PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS O contido das proposicións axustarase ao disposto no Prego de Condicións. O prazo de presentación será o sinalado nos anuncios de licitación.	



B. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

De acordo co establecido na LCSP todos os criterios de adjudicación son cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e a adjudicación do contrato realizarase tendo en conta a mellor relación calidade-prezo. Os criterios utilizados para a adjudicación do contrato, en orde de maior a menor importancia, serán os seguintes

- ✓ Prezo ofertado.
- ✓ Recollida dos vehículos da empresa
- ✓ Servizo de limpeza dos vehículos
- ✓ Instalación dun sistema de localización de vehículos por GPS

Os sistemas empregados para a avaliación e ponderación de cada un dos devanditos criterios serán os seguintes:

- a) Prezo ofertadoata 60 puntos
Valorarase neste apartado o prezo ofertado polos licitadores, outorgándose a maior puntuación á oferta que presente un prezo máis baixo e 0 puntos en caso de que coincida co orzamento base de licitación (IVE non incluído). As restantes ofertas valoraranse en proporción lineal.
- b) Recollida dos vehículos da empresaata 20 puntos
SPI-Galicia conta con tres vehículos en propiedade cuxo valor de taxación aproximado é de 1.500 €.
Outorgaranse 5 puntos ao licitador que ofrezca o prezo base de taxación (1.500 €) e 5 puntos por cada 200 € a maiores ata un máximo de 600 €. A non recollida valorarase con 0 puntos

MARCA MODELO E MATRÍCULA	DATA MATRICULACIÓN	Km/aprox.
Citroen C4 1.6 HDI COOL- 7149GSZ 110CV	27/01/2010	317.122,00
Citroen C4 1.6 HDI COOL - 4283GKW 110CV	12/02/2009	325.303,00
SSANGYONG ACTYON - 4053GRD 140CV	16/10/2009	180.660,00

- c) Servizo de limpeza dos vehículosata 15 puntos
Outorgaranse 15 puntos ao licitador que oferte o servizo de limpeza dos vehículos nas condicións que se detallan a continuación:
- A limpeza será integral (tanto do exterior como do interior do vehículo).
 - O número de lavados de cada vehículo será de 12 ao ano.
 - O licitador deberá facilitar cando se inicie a execución do contrato o/s punto/s de limpeza en Santiago de Compostela.
- d) Instalación dun sistema de localización de vehículos por GPS.....ata 5 puntos
Outorgaranse 5 puntos ao licitador que instale en todos os turismos un sistema de localización de vehículos por GPS mediante Web.

A empresa adjudicataria deberase facer cargo durante o período de execución do contrato do mantemento do sistema.

O contrato será adjudicado a aquela empresa licitadora que acade unha maior puntuación como resultado da suma das puntuacións obtidas para cada un dos criterios anteriormente sinalados.



PRESUNCIÓN DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerárase que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións cunha B_i que que exceda en dez (10) ou máis unidades ó valor da “baixa media” B_m

Presunción de temeridade: $B_i > B_m + 10$

Sendo;

B_m =Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre do orzamento base de licitación (IVE excluído), de todas as proposicións admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre B, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

n = Número de ofertas admitidas trala apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

O contrato será adjudicado a aquela empresa licitadora que acade unha maior puntuación como resultado da suma das puntuacións obtidas para cada un dos criterios anteriormente sinalados.

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior.

Cando concorran á licitación presentando distintas proposicións económicas, de xeito individual ou en unión temporal de empresas, empresas vinculadas ou pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as presentadas por estas empresas ou polas UTEs de que formen parte.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, conforme ao establecido nos parágrafos anteriores, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que, no prazo de 5 días hábiles, xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definira a anormalidade da oferta, mediante a presentación da información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos. Concretamente, a mesa de contratación ou no seu defecto o órgano de contratación, poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire aos valores recollidos no artigo 149.4 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpran as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no artigo 149.4 da LCSP, estimase que a información recadada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos



ou custos propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adjudicación a favor da mellor oferta. Así mesmo resultará excluído da citada clasificación se o licitador non contestase ao requirimento da información xustificativa solicitada.

CRITERIOS DE DESEMPATE

Elementos que se terán en conta para o proceso de valoración en caso de empate entre as ofertas presentadas:

- No caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adjudicación, terá preferencia na adjudicación do contrato a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2%.

No caso de que varias empresas se atopen nas circunstancias expresadas no apartado anterior, terá preferencia na adjudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

- De subsistir o empate, este resolverase a favor do licitador que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en temas de igualdade
- De continuar o empate, a adjudicación efectuarase ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

No caso de seguir existindo igualdade na puntuación total acadada realizarase un sorteo nun acto público que se comunicará coa antelación suficiente aos licitadores.



C. PREGO DE BASES



1. DISPOSICIÓN XERAIS

1.1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste prego de bases é a regulación do contrato para a adxudicación, por parte da SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, SA (en diante SPI Galicia, SA), da subministración en dereito de réxime privado do **Alugamento de catro vehículos para a Sociedade Pública de Investimentos (SPI-GALICIA, SA)**.

Coa presente contratación preténdense satisfacer a necesidade de dotar a Sociedade Pública de Investimentos dun medio de transporte axeitado para prestar os servizos a realizar e as funcións propias encomendadas á Sociedade.

O presente Pregos tipo aplícase ás licitacións de subministracións que non están suxeitos a regulación Harmonizada de acordo co artigo 318, da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A execución do obxecto do contrato debe adecuarse ás condicións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas.

Tanto o prego de bases e a folia de especificacións como o prego de prescricións no que se describen as características da subministración revestirán carácter contractual.

1.2. PRAZO DE VIXENCIA

O prazo de vixencia da subministración obxecto do presente contrato será o indicado na folia de especificacións

1.3. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Por orzamento base de licitación enténdese o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Este orzamento base de licitación será o indicado na folia de especificacións.

Para todos os efectos entenderase que o devandito presuposto base de licitación comprende todos os gastos, directos ou indirectos, que o adxudicatario deba soportar para a normal execución do contrato e toda clase de taxas e impostos directos ou indirectos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes.

O valor estimado do contrato determinarase de acordo co establecido no artigo 101 da LCSP, e será o indicado a folia de especificacións.

1.4. FINANCIACIÓN

Para sufragar o prezo do contrato hai prevista financiación con cargo ao orzamento do ano en curso.



1.5. RÉXIME DE PAGOS

O pago realizarase de acordo coas condicións indicadas na folia de especificacións, tras a comprobación de que os traballos se realizaron de conformidade coas estipulacións dos pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexen a contratación, así como nas condicións descritas na oferta presentada polo adxudicatario, tras a presentación da correspondente factura.

En atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa periodicidade e forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación de facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitadas, as Unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de agrupacións de interese económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento (CEE) núm. 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas preferentemente en formato electrónico.

As facturas emitidas serán presentadas polas empresas adxudicatarias a través do Sistema Electrónico de facturación (SEF) da Xunta de Galicia (dispoñible na dirección electrónica: https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/)

Na factura deberá indicarse o número de expediente, o obxecto do contrato, así como o seu importe.

Os datos para a facturación electrónica son os seguintes:

- ✓ CONSELLERIA/ORGANISMO: SOCIEDADE PUBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A
- ✓ ORGANO DE CONTRATACIÓN: ÁREA DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
- ✓ UNIDADE DE CONTRATACIÓN: REXISTRO
- ✓ CIF: A-15595275
- ✓ CODIGO INTERNO SEF:1069
- ✓ CODIGOS DIR3
 - Código da oficina contable: GE0002381
 - Código órgano xestor: GE0002381
 - Código da unidade tramitadora: GE0002381

1.6. REVISIÓN DE PREZOS

A revisión de prezos realizarase segundo se establece na folia de especificacións, de conformidade co artigo 103 da LCSP.



2. RÉXIME XURÍDICO

O contrato a que se refire o seguinte prego é un contrato de carácter privado conforme ó establecido no artigo 26.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

A preparación e adxudicación do contrato obxecto da presente licitación quedará suxeita ao previsto no Capítulo I do Título I do Libro II da LCSP, no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento da antiga LCSP (Lei 30/2007, do 30 de outubro) e no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en todo aquilo que non se opoña á actual LCSP e na medida en que estas normas sexan aplicables a esta sociedade.

En canto ós seus efectos e extinción, a este contrato, ademais do disposto no prego e no contrato, seranlle aplicable as normas de dereito privado e aquelas normas as que se refire o parágrafo primeiro do artigo 319 en materia medioambiental, social ou laboral, de condicións especiais de execución, de modificación do contrato, de cesión e subcontratación, de racionalización técnica da contratación; e a causa de resolución do contrato referida a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205.

Este prego de condicións, a folia de especificacións e o prego de prescricións técnicas no que se describen as características da subministración revestirán carácter contractual.

2.1. RECURSOS CONTRATACIÓN

Os contratos de subministracións cuxo valor estimado sexa superior a 100 mil euros serán susceptibles do recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da LCSP, con carácter potestativo, respecto dos seguintes actos:

- a) os anuncios de licitación, os pregos reguladores da presente licitación e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación;
- b) os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes últimos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerarase que concorren estas circunstancias anteriores nos actos da Mesa ou Órgano de Contratación polos que acorde a admisión ou inadmisión de licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149 da LCSP;
- c) os acordos de adxudicación
- d) as modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, por entender que a modificación tivese que ser obxecto dunha nova adxudicación.



Con carácter xeral non se admitirá o recurso contra o presente Prego de Condicións e demais documentación integrante como documentación contractual se o recorrente, con carácter previo á a súa interposición presentase oferta, sen prexuízo do previsto polos supostos de nulidade de pleno dereito.

Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos aos contemplados no presente apartado poderán ser postos de manifesto polos interesados para os efectos da súa corrección de acordo a dereito, e sen prexuízo de que as irregularidades que lles afecten poidan ser alegadas polos interesados no suposto de recorrer o acto de adxudicación.

O recurso poderá interpoñerse polas persoas físicas e xurídicas, cando os dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, víronse prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto de recurso, e en todo caso polos licitadores

Estarán tamén lexitimadas as organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións recurribles pódase deducir fundamentamente que estas implican que no proceso de execución do contrato incúmpranse polo empresario as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso entenderase lexitimada a organización empresarial representativa dos intereses afectados.

O procedemento de tramitación e resolución do recurso especial rexerese polo disposto nos artigos 49 a 59 da LCSP.

Ao amparo do disposto no artigo 46 da LCSP, o órgano competente para o coñecemento e a resolución dos recursos especiais en materia de contratación, a adopción de decisións sobre solicitudes de medidas provisionais e a tramitación do procedemento e a resolución de reclamacións e cuestións de nulidade nos supostos especiais establecidos corresponde ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia creado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, modificada pola Disposición Adicional Segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. Para iso, utilizaranse os formularios normalizados aprobados para empregar nos mencionados procedementos de impugnación #ante o citado Tribunal Administrativo de Contratación Pública, por Resolución do 21 de marzo de 2018 (DOG núm. 62, do 28 de marzo de 2018).

Os actos que se diten no procedemento de licitación, cando o contrato non reuna os requisitos do artigo 44.1 da LCSP, para os efectos de interposición de recurso especial, poderán impugnarse en vía administrativa de conformidade co disposto, na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante a Conselleira de Infraestruturas de Mobilidade, á que está adscrita SPI Galicia, S.A., de acordo co previsto no artigo 44.6 da LCSP.

2.2. RÉXIME DE INVALIDEZ DO CONTRATO

O contrato está sometido ao réxime xeral de invalidez previsto nos artigos 38 a 43 da LCSP aplicables aos poderes adxudicadores.

2.3. XURISDICCIÓN COMPETENTE

De acordo co artigo 27.1. c) da LCSP, a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo será o competente para o coñecemento e resolución das cuestións que se susciten en relación á preparación, adxudicación e modificacións



contractuais, cando a impugnación destas últimas se baseen no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP cando se entenda que dita modificación tivese que ser obxecto dunha nova adxudicación do contrato obxecto desta licitación.

A orde xurisdiccional civil será competente para resolver as controversias entre as partes en relación para os efectos e extinción do contrato obxecto desta licitación, fóra das modificacións contractuais mencionadas, de acordo co previsto no artigo 27.2.a) da LCSP. As partes someteranse expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

2.4. GARANTÍAS

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario está na obriga de constituír a garantía definitiva, pola cantidade sinalada na Folla de Especificacións da licitación, mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos Bancos, Caixas de Aforros, Cooperativas de Crédito e Sociedades de Garantía Recíproca autorizadas para operar en España.

En calquera caso, formalizarase tendo en conta o aval tipo achegado no Anexo III deste Prego.

Tamén de ser o caso, poderá constituírse por contrato de seguro de caución celebrado con entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo da caución.

No caso de non constituír a garantía definitiva segundo un dos medios definidos neste apartado, SPI Galicia, SA declarará sen efecto a adxudicación.

O orixinal da fianza definitiva quedará en poder de SPI Galicia, SA.

Esta fianza garantirá o exacto cumprimento, por parte do adxudicatario, de todas e cada unha das obrigas que lle correspondan como consecuencia do presente contrato.

A fianza, orixinaria ou cambiada, será devolta ó contratista para a súa cancelación tendo en conta o establecido na Folla de Especificacións.



3. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN.

A adjudicación do presente contrato realizarase por procedemento aberto ao abeiro do previsto nos artigos 318, 131, e 156 a 158 da LCSP.

3.1. LICITACIÓN ELECTRÓNICA

A presente licitación tramitarase por medios electrónicos, de conformidade coas disposicións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Consecuentemente, a relación de SPI Galicia, S.A. cos licitadores levarase a cabo tamén por tales medios.

Esta licitación será anunciada no perfil de contratante de SPI Galicia, S.A., na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia e no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

3.2. DOCUMENTACIÓN

A documentación necesaria para presentarse á licitación facilitarase en formato electrónico e aloxarse no perfil de contratante de SPI Galicia (<http://www.spigalicia.es/>) e na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal>).

3.3. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

3.3.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS XURÍDICAS

Poderán concorrer a esta contratación as persoas xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional.

As persoas xurídicas só poderán ser adjudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme a lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

As empresas non comunitarias rexeranse polo disposto no artigo 68 da LCSP.

Segundo o disposto no artigo 144 da LCSP, se durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato se producise unha operación de fusión, escisión, transmisión do patrimonio empresarial, ou dunha rama da actividade, sucederlle á empresa licitadora na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio empresarial ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibición de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións



esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

3.3.2. UNIÓN DE EMPRESARIOS

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP, poden contratar coa Administración as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación a efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións ás que se refire o artigo 69 da LCSP poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia. Se xa estiveran inscritos no citado Rexistro unicamente deberán comunicarlle a este, na forma en que se estableza regulamentariamente o seu interese no sentido indicado.

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte a Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na unión temporal indiquen os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas no caso de resultar adxudicatarios. O dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte a Administración.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción e resolución das reclamacións recibidas.

3.4. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

3.4.1. DOCUMENTACIÓN

Os licitadores, de acordo co establecido no artigo 138.3 da LCSP e no número 2 do artigo 22 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, poderán solicitar, cunha antelación mínima de doce días naturais antes da fin de prazo de presentación das ofertas, as aclaracións que sobre o contido dos pregos consideren pertinentes, dirixindo a consulta ao enderezo de correo electrónico sinalado neste prego e no perfil de contratante. SPI deberá facilitar a información, ao menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción das ofertas. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación.

Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poda ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector. Por conseguinte, serán os licitadores ou candidatos os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse na declaración responsable a presentar segundo modelo achegado como anexo a este prego.



A extensión de confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerase improcedente.

Os licitadores poderán designar como confidenciais algúns dos documentos achegados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xustificar os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter de confidencialidade e os concretos prexuízos económicos que podería ocasionar a difusión dos ditos documentos para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 133 da LCSP.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar esixidos para contratar con SPI será o día de finalización do prazo de presentación das proposicións e esta deberá subsistir no momento da formalización do contrato.

O órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior a adopción da proposta de adjudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adjudicatarios do contrato.

Os documentos deberán presentarse en lingua galega ou castelá.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego así como do prego de prescricións técnicas.

3.4.2. SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA, SILEX

O contrato licitarase no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), cuxo uso será obrigatorio para o licitador e para a presentación de ofertas, o envío e recepción de documentos.

O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), está regulado pola Orde do 28 de xullo de 2010 (DOG nº 169, do 2 de setembro).

Modo de acceso: www.conselleriadefacenda.es/silex

Requisitos dos licitadores:

- Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas pola Consellería de Facenda. A relación dos certificados admitidos pódense consultar en <http://www.conselleriadefacenda.es/servizos-e-tramites/ov-perceptores/certificadoselectronicos-admitidos>.
- Se a documentación que se presente fose xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte do órgano de contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo



que xerou devandito documento. Na súa falta a documentación presentada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto en:

- ◆ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
 - ◆ Capítulo VII do Decreto 198/2010, do 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.
- Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e a sinatura dixital de ofertas:
- Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadeconomia.es/silex
 - A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.
 - Toda a documentación presentada será asinada dixitalmente polo propio SILEX mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.
 - Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de firma “PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES). Para a correcta firma dos documentos en formato PAdES, a Administración poñerá a disposición dos licitadores a aplicación gratuíta SDX-II que permite a firma dos documentos pdf de acordo co estándar de firma PAdES. A aplicación SDX-II pódese descargar desde a páxina principal do SILEX.
 - As proposicións deberán presentarse electronicamente a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia ata as 14:00 h. do último día do prazo sinalado como límite para a súa presentación na folla de especificacións. Non se admitirán ofertas que non sexan presentadas a través dos medios electrónicos descritos.
 - A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.
 - O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para iso. Para ese efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.
 - As ofertas enviaranse libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura e será responsabilidade dos licitadores velar por que isto así sexa. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

3.4.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (ARQUIVO ELECTRÓNICO A OU SOBRE A)

A proposición deberá presentarse nun arquivo electrónico que conterá:

- Índice dos documentos que os integran enunciados numericamente.
- Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Para tal fin, os licitadores deberán achegar o documento único de contratación (DEUC).



O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituíndo ós certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se encontra en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibición de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia)

Pode accederse a el en formato electrónico, en <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espdp/filter?lang=es>. O formulario, dispoñible en castelán, poderá cubrirse e imprimirse para enviar ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

Tamén pode accederse ao formulario DEUC na web de Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, na epígrafe da Xunta Consultiva de Contratación administrativa, en formato .odt:

- Versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>
- Versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Para facilitar a súa formalización, en anexo a este prego achéganse instrucións para elaborar o formulario DEUC

Os licitadores deberán cumprimentar o devandito formulario, con excepción das seccións A, B, C e D da Parte IV: Criterios de selección, debendo cumprimentar nesta Parte IV exclusivamente o apartado α : *Indicación global relativa a todos os criterios de selección*

Xunto co DEUC deberá presentar a declaración complementaria segundo o modelo achegado como Anexo I deste prego

Cando dúas ou máis empresas acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia presentando, cada un deles, unha declaración. Tamén presentarán un compromiso de constitución de unión temporal empresarios (UTE) indicando, en documento privado, os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, en caso de resultar adxudicatarios (artigo 69 da LCSP e o 24 do RXLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único de unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato deriven ata a súa extinción. O documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da UTE.

O arquivo electrónico deberá estar asinado polo licitador ou se é o caso, polo representante legal da entidade na forma prevista no Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX). No caso de tratarse dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e o arquivo debe ir asinado polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión. De conformidade co establecido no artigo 140.4. da LCSP as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data de finalización do prazo de presentación de ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato.



3.4.4. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (ARQUIVO ELECTRÓNICO B OU SOBRE B)

No arquivo electrónico B ou sobr B incluírase:

1. Ficha de especificacións técnicas dos vehículos ofertados acreditativa das características técnicas mínimas establecidas no prego de prescripcións técnicas particulares.
2. A proposición económica e demais elementos a valorar mediante a aplicación de fórmulas, escalas ou porcentaxes.

A proposición axustarase ao modelo establecido que se achega no Anexo II deste prego e debe estar asinada por quen teña poder suficiente para isto.

As cifras deben expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia, prevalecerán as cifras reflectidas en letra.

Enténdese que a oferta económica inclúe todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

Cada licitador presentará unha soa proposición, sen prexuízo de que se admita, de sinalarse así na Folla de Especificacións, dentro dela a presentación de variantes. Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

En caso de que existan discordancias entre as cantidades recollidas na oferta do licitador sempre prevalecerá o importe sinalado como sen IVE e a partir de este obterase o valor do devandito imposto e do total da oferta.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía co presuposto base de licitación que figura no cadro de características do contrato e no anuncio de licitación e aquelas que non cumplan cos criterios técnicos mínimos esixidos no prego de prescripcións técnicas.

A oferta presentarase sen omisións, erros ou tachadas que dificulten coñecer claramente o que a Administración xulgue fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta.

3.5. MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido para a adjudicación do contrato por unha mesa de contratación constituída de conformidade co previsto no artigo 326 da LCSP, que estará composta por:

- × Presidente: Coordinadora de Áreas de SPI-Galicia, SA ou Xefe de Departamento
- × Vogais:
 - Técnico da Área correspondente.
 - Persoa que desempeñe funcións Asesoramento Xurídico.



Persoa que desempeñe funcións na área económico-financeira.

× Secretario: Persoa que desempeñe funcións na área de contratación.

A mesa poderá estar asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán sobre as cuestións das súas competencias, por requirimento desta.

3.6. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. SOBRE A

Finalizado o prazo de presentación das proposicións, a mesa de contratación constituirase para o exame e cualificación da documentación administrativa, en función dos requisitos exixidos.

De conformidade co establecido no artigo 141.2 da LCSP se a mesa observa erros ou omisións emendables, concederá un prazo de 3 días para emendalos.

A documentación requirida deberá ser remitida electronicamente e deberá así mesmo atoparse asinada electronicamente.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse.

Respecto ao declarado no DEUC ou na documentación complementaria do sobre A, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adjudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adjudicatario do contrato. Esta documentación deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que o licitador recibise o requirimento.

3.7. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA ÓS CRITERIOS VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. SOBRE B

A data e a hora de celebración da mesa de apertura do sobre B publicarase no perfil do contratante.

Na data indicada a mesa de contratación reunirase para a realización das seguintes actuacións:

- Revisión da documentación relativa á emenda de defectos ou omisións de ser o caso
- Adopción dos oportunos acordos sobre a admisión ou exclusión dos licitadores.

En acto público procederase a realizar as seguintes actuacións:

- Lectura do anuncio do procedemento.
- Lectura do número de proposicións recibidas e da identidade dos licitadores.
- Lectura dos resultados da cualificación da documentación administrativa.
- Apertura da documentación correspondente ao sobre B dos licitadores admitidos.
- Lectura das ofertas
- Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas.

O/a secretario/a redactará a acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, que será asinada polo Secretario/a e Presidente/a da Mesa.



3.8. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

Unha vez valoradas as ofertas, a mesa de contratación ou unidade técnica, as clasificará por orde decrecente de puntuación e fará a correspondente proposta ao órgano de contratación.

Para realizar a devandita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego e pode solicitar para isto cantos informes técnicos xulgue pertinentes. Cando o único criterio considerado sexa o prezo, entenderase que a mellor oferta é a que presenta o prezo máis baixo.

A proposta de adxudicación non crea ningún dereito a favor do licitador, pero cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

No suposto en que se produza igualdade nas proposicións máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación, a proposta de adxudicación realizarase a favor do licitador que acredítase algunha das circunstancias que, para o desempate, se sinala nos criterios de adxudicación.

En atención ao establecido nos artigos 132.3 da LCSP e 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos de contratación notificarán á Comisión Galega da Competencia calquera feito do cal teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poida constituír infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

3.8.1. DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN

Unha vez aceptada a proposta da mesa de contratación polo órgano de contratación requirirase ao licitador que presentou a mellor oferta para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que recibise o requirimento achegue a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar coa Administración e que declarou no DEUC:

- Os documentos que acrediten a personalidade xurídica do licitador, que serán os seguintes:
 - Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación de fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade (ou o que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente), da persoa titular ou propietaria da empresa, así como a documentación acreditativa da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato. Expresaranse as circunstancias persoais e o domicilio.
 - Se a empresa fose persoa xurídica española, será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Número de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, así como a modificación das mesmas, debidamente inscritas, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.



- A capacidade para contratar dos empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante declaración xurada nos termos que se establezan regulamentariamente. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea que non estean clasificados, deberán probar a solvencia que tería sido necesaria para obter a clasificación esixida polo prego. A estes efectos poderán presentar:

- O certificado comunitario de clasificación, acompañado da documentación complementaria que fora precisa (artigo 97 da LCSP).

- A documentación acreditativa da solvencia conforme ao artigo 86 da LCSP

- A capacidade para contratar das persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa no que se faga constar que figura inscrita no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Así mesmo deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación con entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga.

- Os documentos que acrediten a representación, que son os seguintes:
- Se o licitador fose un empresario individual achegarse unha copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.
 - Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegarse unha copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentarse, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso no Rexistro público que corresponda.
 - Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarse o correspondente documento no que conste que o poder é declarado bastante por letrado



da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, no caso de que actuara en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

- As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador.

En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao idioma castelán ou galego.

- Para a acreditación da solvencia económica financeira e técnica estarase ao disposto na Folla de Especificacións.
- As seguintes certificacións de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social:
 - Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao amparo dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
 - Certificación expedida pola Axencia Tributaria de Galicia de non ter contraída débeda ningunha coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Certificación expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias.
 - Orixinal ou copia electrónica auténtica da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da exención da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 euros) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei, xunto cunha copia da declaración do imposto de sociedades onde conste a cifra de negocios do penúltimo ano anterior ao pagamento do imposto, coa excepción das persoas físicas.
- Presentación da garantía definitiva polo importe sinalado na folla de especificacións en calquera das modalidades legalmente previstas



- Proba da efectiva disposición dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato de conformidade co disposto no artigo 76.2 da LCSP.

Se o candidato está inscrito no ROLECSP ou no RXC-Galicia serán eximidas de achegar a documentación que nos ditos certificados se detalla, se for o caso:

- ➔ Personalidade e representación sempre e cando a representación sexa a mesma que conste no ROLECSP ou no RXC-Galicia.
- ➔ Escrituras de constitución. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a achega se é necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.
- ➔ Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica que obre en poder do Rexistro
- ➔ Documentación xustificativa de encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións tributarias (coa Facenda estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e de estar dadas de alta no imposto de actividades económicas e de encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no ROLECSP ou no RXE-Galicia será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou achegarán copia del.

De conformidade co establecido no artigo 140.4. da LCSP as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar, deberán concorrer na data de finalización do prazo de presentación de ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato.

Tras o exame da documentación se a Mesa entende que a dita documentación ten defectos emendables, comunicarao á empresa proposta como adxudicataria e concederalle tres días naturais para a emenda dos ditos defectos.

Se transcorrido o dito prazo o erro non fose emendado, a oferta correspondente resultará excluída da licitación, procedéndose nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas, segundo o artigo 150.2 da LCSP.

No suposto de que transcorrido o prazo outorgado para acreditar ante o órgano de contratación a posesión e validez dos documentos esixidos nesta cláusula, o licitante proposto coma adxudicatario non cumpriese o requirimento en prazo, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do presuposto base de licitación IVE excluído en concepto de penalidade.

3.8.2. ADXUDICACIÓN

Se o licitador cumprira satisfactoriamente o requirimento efectuado por SPI-Galicia o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A resolución de adxudicación deberá ser motivada, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, será publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días, indicando o prazo de formalización do contrato.



A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación e deberá figurar o seguinte:

a) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitira a súa oferta.

b) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaran os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas. Para estes efectos, a adxudicación conterá a puntuación obtida por cada un dos licitadores desagregada.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

De non ditarse resolución de adxudicación no prazo de 2 meses, que contará desde a apertura das proposicións, os licitadores terán dereito á retirada da súa proposición. Se un licitador retira a oferta inxustificadamente antes da adxudicación esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

De acordo co previsto no artigo 152 da LCSP, o Órgano de Contratación, por razóns de interese público debidamente xustificadas, poderá adoptar a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato. Tamén poderá desistir do procedemento cando aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das normas reguladoras do procedemento de adxudicación. Tanto a decisión de non celebrar o contrato como a desistencia do procedemento deberán levarse a cabo antes da formalización do contrato, e de acordo cos requisitos establecidos no referido artigo.

3.9. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Respecto da formalización do contrato estarase ao disposto no artigo 153 da LCSP.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo establecido no artigo 153 da LCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao cal se unirá, formando parte do contrato, á oferta do adxudicatario e un exemplar da folla de especificacións, do prego de bases e das prescricións técnicas.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído en concepto de penalidade.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal e o NIF asignado.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos de adxudicación.

O contrato deberá ser subscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique.

A formalización do contrato deberá publicarse, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.



4. EXECUCIÓN DO CONTRATO

4.1. FORMA DE EXECUCIÓN

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo cando fose obxecto de tramitación de emerxencia.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas, documentos que teñen carácter contractual.

O contratista estará obrigado a cumprir coas condicións esenciais en relación coa execución do contrato, de conformidade co artigo 76 da LCSP, así como no artigo 202 en relación coas condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou outras que se establezan neste prego.

4.2. PRAZO E PRÓRROGA

O prazo de duración do contrato e a posibilidade da súa prórroga serán segundo o que se establece na folia de especificacións desta licitación.

4.3. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA ARRENDADOR

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Este será responsable de todos os danos ou prexuízos que se causen tanto á Sociedade contratante coma a terceiras persoas, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato de subministración, agás cando ditos prexuízos sexan causados coma consecuencia inmediata e directa dunha orde de SPI-Galicia.

O contratista está obrigado a manter ao arrendatario na posesión pacífica dos bens obxecto de aluguer por todo o tempo que dure o contrato, respondendo dos actos ou omisións propios ou alleos que perturben ao arrendatario no disfrute pacífico dos bens alugados así como dos vicios daqueles que impidan ou dificulten ese goce.

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes relacionadas coa actividade por el desenvolvida, en especial, contará coas cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes para empregar materiais, subministracións e equipos na execución do obxecto do contrato, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións relativas a reclamacións en materia de propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar a SPI-Galicia polos danos e prexuízos que se lle causen por tal concepto.

O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto deles. Concretamente, está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo, sendo a Sociedade contratante de todo allea a ditas relacións laborais.



En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre a SPI-Galicia e o contratista.

Cando se extinga o contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do mesmo como persoal de SPI-Galicia.

Correspóndelle ao adxudicatario aboar todos os gastos derivados do presente contrato incluídos os fiscais e máis os derivados da publicidade do presente contrato.

O contratista estará obrigado a entregar os vehículos automóbiles no tempo e no lugar sinalados neste contrato e consonte co establecido neste prego e no prego de prescricións técnicas. Os gastos de entrega e transporte ao lugar pactado e calquera outro que puideran xurdir serán por conta do adxudicatario.

Durante o prazo de vixencia do aluguer, o contratista asume a obriga de mantemento íntegro do obxecto contractual, isto é, comprométese a efectuar todas as reparacións, incluídas as que supoñan cambios de pezas ou partes integrantes dos vehículos e revisións necesarias, co gallo de conservar os vehículos alugados en perfecto estado de servizo para o uso ao que se destinan, sen custo algún para SPI-Galicia.

Para os efectos de facer posibles ditas revisións ou reparacións, a empresa adxudicataria facilitará, como mínimo, un número de teléfono e un número de fax permanentes de contacto; así mesmo, unha vez avisada, dita empresa encargárase de recoller o vehículo obxecto de revisión ou reparación no lugar da Comunidade Autónoma Galega onde se atope e de devolvelo ao seu usuario no mesmo lugar, nun prazo de tempo non superior a 48 horas, sendo substituído ou reparado no tempo indicado.

Coa finalidade de facilitar a recollida dos vehículos para reparar ou revisar, a empresa adxudicataria facilitará á Sociedade Pública de Investimentos unha relación do persoal desta que vaia realizar estas tarefas o que se deberá identificar ante o usuario do vehículo cando o vaia recoller, exhibindo o seu DNI e unha tarxeta ou documento que o acredite como persoal da empresa adxudicataria co gallo de evitar riscos tales coma roubos, danos materiais, etc. Así mesmo, dito persoal asinará un documento elaborado para o efecto pola Sociedade onde constarán os datos da persoa que entrega o vehículo e os da persoa que o recolle, así como a data e máis a hora na que o persoal da empresa adxudicataria se fai cargo do vehículo.

O contratista será responsable único de todos os danos ou perdas sufridas ou causadas polo vehículo automóbil mentres estea no seu poder sen que poida derivar cara esta Sociedade responsabilidade algunha por danos materiais ou persoais a que houbese lugar por calquera motivo.

Todos os vehículos automóbiles alugados polo adxudicatario deberán ter subscrito e en vigor un contrato de seguro así como pagada a correspondente póliza por este, incluíndo como coberturas mínimas as seguintes: seguro de responsabilidade civil obrigatorio, seguro de responsabilidade a todo risco, seguro contra roubos e incendios, os seguros dos ocupantes (conductor e acompañantes).

O contratista facilitará, no momento da entrega, con cada vehículo, unha relación da documentación e dos accesorios que leva este, relación que servirá de base para saber qué elementos contén cada automóbil e que é o que ten que reintegrar a Sociedade Pública de Investimentos á empresa adxudicataria ao rematar o contrato.

O contratista deberá remitir á maior brevidade posible á SPI-Galicia, SA todas as denuncias por infraccións do Real decreto legislativo 331/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, recibidas por esta e referidas aos vehículos alugados, coa finalidade de que por SPI-Galicia se leven a cabo as accións de defensa xurídica que considere máis oportunas;



igualmente, remitirá todas as sancións administrativas impostas aos condutores dos vehículos alugados que fosen comunicados a esta.

No caso de sinistro ou roubo, o contratista deberá poñer a disposición da Sociedade, no prazo máximo de 48 horas a contar desde o momento en que se lle comunique a incidencia, dun vehículo de substitución de características iguais ou superiores.

Nos casos de avaría ou revisión, o contratista encargarse de recoller o vehículo obxecto da reparación ou revisión e devolvelo ao seu usuario, nun prazo non superior a 48 horas, sendo substituído por outro igual ou de características superiores no caso de non ser revisado ou reparado no prazo indicado. Este prazo será sempre de 48 horas con independencia de que as avarías se produzan en días laborables ou festivos. Esta condición esíxese tamén para o caso de que a avaría se produza no vehículo de substitución.

O contratista comprométese a dispoñer en todo momento polo menos dun vehículo automóbil novo e da mesma marca, modelo e características cos alugados para os efectos de poder substituír a calquera dos vehículos que non puidera ser reparado ou revisado no prazo de 48 horas sinalado neste prego.

Cando o contratista ou persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

Rematado o contrato, o contratista farase cargo e recollerá nos lugares nos que se estivesen a empregar pola Sociedade e sen custo ningún para esta, todos os vehículos alugados

4.4. OBRIGAS DA SOCIEDADE ARRENDATARIA

SPI-Galicia, SA terá a obriga de aboar o prezo do alugamento, nos termos recollidos no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, terá a obriga de controlar que os vehículos se destinen ao uso pactado e polo persoal autorizado, sendo responsable por calquera dano ou prexuízo que se poida causar ao alugador derivado de calquera uso distinto ao que se infire da natureza dos bens alugados.

Non poderá ceder, vender, hipotecar ou gravar de calquera xeito en todo ou en parte o vehículo, ferramentas, accesorios, equipo e documentos, sendo responsable dos prexuízos irrogados ao alugador polo incumprimento desta obriga.

Comprométese a comunicar ao alugador o máis axiña posible calquera dano, perda, accidente, avaría ou usurpación ou novidade sufrida polo vehículo automóbil.

No suposto dun accidente comprométese a protexer os intereses do arrendador e máis da compañía aseguradora, cumprindo as seguintes normas:

- a. Facendo o persoal condutor de cada vehículo un croquis do lugar e circunstancias nas que aconteceu o accidente.
- b. Obtendo os datos completos da parte contraria así coma de posibles testemuñas.
- c. Notificando inmediatamente á autoridade, se a culpabilidade da outra parte debe ser investigada ou se hai feridas.



d. Non abandonando o vehículo sen tomar as debidas precaucións para salvagardalo.

Tamén correspóndelle ao arrendatario:

- Aboar o combustible consumido polos vehículos alugados durante o alugamento.
- Facilitar a recollida dos vehículos ao persoal do contratista co obxecto de que este poida revisalos ou reparalos, de ser o caso. Para estes efectos, o arrendatario porá en coñecemento do alugador a necesidade de tales reparacións ou revisións.

O arrendatario non asumirá economicamente ningunha reparación ou revisión dos vehículos alugados, agás no caso de forza maior, debendo sempre dirixirse ao alugador para que por este se proceda a revisar, reparar ou substituír, de ser o caso, os vehículos alugados cando resulte necesario consonte ao disposto no presente prego.

4.5. ENTREGA E RECEPCIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS.

O contratista está obrigado a entregar os bens obxecto da subministración no tempo e lugar fixados no cadro de características e de conformidade co prego de prescricións técnicas.

A constatación do cumprimento do contrato esixirá un acto formal e positivo de recepción ou conformidade por parte de SPI-Galicia, SA, dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, nos termos recollidos polo artigo 210 da LCSP.

De acordo co disposto no artigo 304.2 da LCSP, se os bens non se atoparan en estado de ser recibidos, farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Os gastos de transporte e entrega dos vehículos serán a cargo da empresa adxudicataria.

Calquera que sexa o tipo de subministración o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega, agás que esta incorrera en mora ao recibilos.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este teña realizado, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción de SPI-Galicia, a totalidade da prestación, segundo o establecido no artigo 210 da LCSP

4.6. RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación designará unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, e comprobará que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, adoptará as decisións e cursará ao contratista as ordes e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

4.7. PROTECCIÓN DE DATOS

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar farase con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na



Lei Orgánica de Protección de Datos de Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e será, así mesmo, de aplicación a Disposición adicional vixésimo quinta da LCSP, e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados ou persoal asignado ao proxecto serán responsables das infraccións que deriven del.

- ✘ Tratamento de datos persoais do licitante ou adxudicatario por parte do órgano de contratación.

Os datos persoais proporcionados polo licitante ou adxudicatario serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral da contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas da mesma, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

- ✘ Deber de confidencialidade do licitante ou adxudicatario.

O licitante ou adxudicatario deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- ✓ a utilizar a dita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas na mesma;
- ✓ a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato;
- ✓ a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- ✓ a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a subministrou. Considerarase información confidencial aquela a que o adxudicatario acceda en virtude do presente contrato, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

- ✘ Condición de encargado do tratamento do adxudicatario.

A entidade adxudicataria, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación contratada, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd) polo que deberá dar cumprimento, ás obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- ✓ Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.



- ✓ Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPDP ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.
- ✓ Levar por escrito, cando cumpra segundo o artigo 30 do RXPDP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo. - Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último. No caso de que estea permitida a subcontratación segundo o indicado nas condicións deste prego, autorízase o acceso a datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, dando cumprimento en todo caso, aos requisitos previstos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste prego para esta figura e as instrucións que dite o responsable. Ao adxudicatario ou encargado inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.
- ✓ Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- ✓ Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigación.
- ✓ Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- ✓ Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPDP.
- ✓ Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra, implantar as previsións recollidas no R.D. 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
- ✓ Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- ✓ Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- ✓ Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.



- ✓ Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fora necesario.
- ✓ Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.
- ✓ Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXP, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.
- ✓ Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, dos datos de carácter persoal e, no seu caso, dos soportes onde consten. A devolución supoñerá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

4.8. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

Permítese que o contratista ceda a terceiros os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato nos termos do artigo 214 LCSP. Para que os contratistas poidan ceder os seus dereitos e obrigacións a terceiros, é preciso o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o órgano de contratación autorice a cesión de forma previa e expresa. Esta autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para notificar a resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal se deberá entender outorgada por silencio administrativo.
- b) Que o cedente executase polo menos un 20 por 100 do importe do contrato.
- c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible en función da fase de execución do contrato, que debe estar debidamente clasificado, se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.
- d) Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

De conformidade cos artigos 215 e seguintes da LCSP o contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación.

Conforme ao artigo 215.2 da LCSP, o adxudicatario está obrigado a comunicar por escrito, trala adxudicación do contrato e, a máis tardar, cando se inicie a execución deste, a intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar, a identidade, datos de contactos e representante legal (ou representantes legais) do subcontratista así como a xustificar a aptitude dos subcontratistas e que non se atopan incurso en prohibición de contratar.

En calquera caso, toda modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, así como a celebración de subcontratos con novos perfís empresariais ou para distintas partes da prestación deberá ser comunicada ao órgano de contratación.



O cumprimento do requisito da comunicación previa enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, en canto á xustificación polo contratista de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215 da LCSP ou o límite máximo especial que poida establecerse para a subcontratación no cadro de características, que terán o carácter de condición especial de execución, imporase a penalidade regulada no dito artigo.

O órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato, ao conferirle as obrigas en materia de subcontratación a condición de obriga esencial, cada vez que as penalidades impostas neste ámbito superen un múltiplo do 5% do prezo do contrato principal (IVE excluído).

De conformidade co establecido no artigo 217.3 da LCSP, procederá en todo caso a imposición de penalidades ao contratista cando, mediante resolución xudicial ou arbitral firme achegada polo subcontratista ou polo subministrador ao órgano de contratación quedase acreditado a falta de pagamento polo contratista a un subcontratista ou subministrador vinculado á execución do contrato nos prazos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, e que dita demora no pago non vén motivada polo incumprimento dalgunha das obrigacións contractuais asumidas polo subcontratista ou polo subministrador na execución da prestación. A penalidade poderá alcanzar ata o cinco por cento do prezo do contrato, e poderá reiterarse cada mes mentres persista a falta de pagamento ata alcanzar o límite conxunto do 50 por cento do devandito prezo. A garantía definitiva responderá das penalidades que se impoñan por este motivo.

4.9. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Sen prexuízo dos supostos previstos na LCSP respecto da sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, este contrato só poderá ser modificado por razóns de interese público.

Aos efectos do establecido no artigo 190 da LCSP o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar, por razóns de interese público, o contrato con suxeición ao estipulado no artigo 203 da LCSP, nos casos e na forma establecidos na subsección 4ª, sección 3ª, capítulo I, Título I do Libro segundo da LCSP, e de acordo co procedemento de exercicio da potestade de modificación do contrato regulado no artigo 191 coas particularidades previstas no artigo 207.

O contrato só poderá modificarse cando así estivera previsto nos pregos nos termos establecidos no artigo 204 da LCSP ou excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións que establece o artigo 205:

a) Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación:

O contrato só poderá modificarse sempre que se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das circunstancias dispostas no artigo 205 da LCSP, de acordo co procedemento de modificación do contrato regulado no artigo 191 coas particularidades previstas no artigo 207.

b) Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación:

De conformidade co establecido no artigo 204 da LCSP establécense os seguintes supostos de modificación:



b.1) O contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 191 da LCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

1.- Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20% do prezo inicial do contrato.

As modificacións poderán afectar a unha redución do volume de todas as prestacións obxecto do contrato, salvo que se especifiquen, no seu caso, no cadro de características e o prego de prescricións técnicas.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de no existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

2.- Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato.

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso, revisarse para adaptalo aos novos importes anuais, debendo ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.



O reaxuste de anualidades só será realizado na medida que veña esixido polo mantemento do seu financiamento presupostario.

O límite máximo de ampliación será o do dobre do prazo de execución previsto inicialmente sempre que non supere os límites legalmente permitidos para a duración do contrato.

b.2) A posibilidade de modificación do contrato naqueles outros supostos que a tal efecto se establezan no cadro de características que acompaña este prego e/ou no prego de prescricións técnicas, detallando as condicións nas que o órgano de contratación poderá facer uso desta potestade, o seu alcance e límites, así como a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo pode afectar a modificación e o procedemento.

De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.

Cando coma consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o prezo do mesmo deberá reaxustarse a garantía definitiva, aos efectos do disposto no artigo 109.3 da LCSP.

Estes acordos deben de ser adoptados previo informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade ao disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.

4.10. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Aos efectos do artigo 202 da LCSP terán a consideración de condicións especiais de execución do contrato as seguintes:

1. Adscrición de medios

O contratista estará obrigado a manter adscritos a execución do contrato todos os medios necesarios para a súa execución. En particular, estarán a disposición todos aqueles medios persoais e materiais que foran recollidos na súa oferta (ou substituídos por outros equivalentes coa conformidade da dirección do contrato, do responsable do contrato ou do órgano de contratación) e, de forma específica, os medios comprometidos, de ser o caso, recollidos no cadro de características de conformidade co artigo 76 da LCSP como concreción das condicións de solvencia.

2. Obrigas de carácter social e laboral

O contratista estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:

a) O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación segundo o caso. Especialmente, e cando proceda por estar recollido en calquera dos instrumentos citados anteriormente, a obrigación de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.

b) Executar o contrato cumprindo estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais. Sen prexuízo de outras responsabilidades por infracción das ditas normas, entenderase incumplido de maneira esencial este contrato cando con ocasión da execución do contrato e durante a vixencia do mesmo, se impuxeran pola Autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumplimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais. Este incumplimento de maneira esencial será causa de resolución do contrato.



3. Obrigas de carácter medioambiental

O adxudicatario executará o contrato cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental.

Sen prexuízo de outras responsabilidades por infracción das ditas normas, entenderase incumplido de maneira esencial este contrato cando con ocasión da execución da subministración e durante a vixencia do contrato, se impuxeran pola Autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación ambiental e protección de medio ambiente. Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución do contrato

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia veñan contempladas na súa oferta.

4. Obrigas en materia de subcontratación

O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguintes da LCSP.

Antes de subscribir o contrato, verificarase a existencia dunha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, que contan coa capacidade e aptitude para executala e que non se atopan incurso en prohibición de contratar.

4.11. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES

No caso de que o contratista realice defectuosamente o obxecto do contrato o órgano de contratación poderá impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento.

A continuación se recollen as causas para a imposición de penalidades á empresa adxudicataria:

1) Por incumprimento do prazo total e/ou prazos parciais

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a entrega dos bens obxecto do contrato, así como, no seu caso, dos prazos parciais de entrega das distintas unidades de execución que integran o arrendamento.

Se chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en mora por causas imputables a este, SPI-Galicia, poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de penalidades económicas, de conformidade co previsto no artigo 193 e seguintes da LCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa.

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 195.2 da LCSP.

2) Por incumprimento das condicións especiais de execución

O incumprimento das condicións especiais de execución establecidas no apartado 4.10 dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:



Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do prezo do contrato (IVE excluído), salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 3% e ata o 5%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda ao cumprimento das condicións especiais. Se transcorrido o antedito prazo ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non se recolla ningún prazo no mesmo, procede a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa se persiste o incumprimento.

3) Por cumprimento defectuoso

O órgano de contratación poderá impoñer penalidades no suposto de cumprimento defectuoso da prestación por causas imputables ao contratista segundo os seguintes supostos:

- a) O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato segundo o establecido na documentación que rexe o contrato, ou en termos diferentes dos contractuais, especialmente segundo o ofertado polo contratista.
- b) A non comunicación inmediata á dirección do contrato de incidencias que puideran producirse durante o desenvolvemento da execución da prestación do contrato. Consideraranse de especial gravidade no momento de graduar a penalidade, entre outras, aquelas omisións de comunicacións de incidencias que impliquen a demora na entrega dalgúns dos bens que integran a subministración, a demora na emenda dos defectos observados nos mesmos ou na reposición dos que resulten inadecuados, prexuízos no desenvolvemento da prestación, danos a terceiros ou incidencias que sexan, pola súa natureza ou entidade, susceptibles de ocasionar as consecuencias negativas anteriores. Non será necesario neste caso específico, para iniciar o procedemento de imposición de penalidades, a intimación previa ao contratista
- c) A desobediencia das ordes da dirección do contrato ou accións ou omisións do contratista que alteren de xeito notorio a regularidade da execución do contrato.

Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do prezo do contrato (IVE excluído), salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 3% e ata o 5%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O cumprimento defectuoso polo adxudicatario poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda á emenda do cumprimento defectuoso. Se transcorrido o antedito prazo ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non se recolla ningún prazo no mesmo, persiste o incumprimento, procede a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa.

4) Por incumprimento parcial do contrato



De acordo co establecido no artigo 192 da LCSP, cando o contratista incumprira, por causas imputables ao mesmo, as prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades.

Entenderase por incumprimento parcial a non entrega dalgúns dos vehículos que integran a subministración, así como a non realización de calquera das prestacións, actividades e/ou traballos recollidos no contrato e, especialmente, os recollidos na oferta presentada polo contratista, sempre que non estean incluídas especificamente nalgúns dos apartados anteriores.

Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do prezo do contrato (IVE excluído), salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 3% e ata o 5%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O cumprimento defectuoso polo adxudicatario poderá verificarse en calquera momento durante a execución do contrato.

O acordo do órgano de contratación polo que se impoña a penalidade poderá establecer un prazo para que se proceda ao cumprimento do contrato. Se transcorrido o antedito prazo ou, no momento en que se dite o acordo de imposición de penalidades no caso de que non se recolla ningún prazo no mesmo, procede a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa se persiste o incumprimento.

5) Por incumprimento das obrigas, requisitos e limitacións establecidas en materia de subcontratación

No suposto de que se verifiquen incumprimentos polo contratista de calquera das obrigas, requisitos e limitacións dispostas en materia de subcontratación estarase ao réxime establecido na cláusula 4.8 do presente prego.

4.11.1- Procedemento.

Salvo nos casos indicados en que non se necesite intimación previa requirirase ao contratista o cumprimento inmediato das disposicións do contrato, previamente á incoación do procedemento de imposición de penalidades. No suposto de non atender o requirimento ou de transcorrido o prazo nel establecido para regularizar a situación sen que tal regulación se leve a efecto, incoarase o procedemento de imposición de penalidades.

As penalidades que correspondan imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptada a proposta do responsable do contrato, dirección do contrato ou técnico correspondente, e serán inmediatamente executivas facéndose efectivas mediante a súa dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poida deducirse dos ditos pagos.

En todo caso nos supostos en que non estea prevista unha penalidade ou en que estando prevista a mesma non cubrira os danos causados á Sociedade, esta exixirá ao contratista a indemnización por danos e prexuízos.

A imposición das penalidades será proporcional á gravidade dos incumprimentos e para a súa gradación, que deberá ser motivada, valoraranse, ademais dos criterios sinalados de xeito concreto para algún dos supostos, circunstancias como as causas que orixinaron os incumprimentos, a intencionalidade do contratista e a súa disposición en orde á regularización da situación, os prexuízos xerados, a interferencia ou riscos que o incumprimento ocasione na execución da prestación do contrato, o feito de ter sido penalizado dentro do ámbito



do contrato con anterioridade polas mesmas circunstancias ou por calquera outros feitos ou, circunstancias ou aspectos que poidan considerarse relevantes atendendo no caso concreto.

En todo caso a gradación e, polo tanto a contía, da penalidade terá en conta, que non sexa inferior ao beneficio obtido polo contratista ao incorrer en calquera das causas polas que cabe a imposición das penalidades.

Por último, as contías de cada unha das penalidades impostas polas causas sinaladas na cláusula anterior a excepción do incumprimento do prazo total e/ou prazos parciais e as establecidas en materia de subcontratación, non poderán ser superiores o 10% do prezo do contrato (IVE excluído), nin o total das mesmas superar o 50% do prezo o contrato.

4.12. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan nos artigos 211 e 306 da LCSP, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se garanta a audiencia a este e cos efectos previstos nos artigos 213 e 307 da LCSP e 109 a 113 do RXLCAP.

Así mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 211 f) da LCSP, ao considerarse obrigas contractuais esenciais, con efectos de resolución do contrato as seguintes:

- a) A vulneración polo adxudicatario das obrigas e limitacións ao presente prego lle impón en materia de cesión e subcontratación, e concretamente o incumprimento por parte do contratista nos termos recollidos neste prego
- b) A interrupción ou abandono da execución de calquera das prestacións obxecto do contrato por causa imputable ao contratista. Entenderase abandonada a execución das prestacións cando a prestación que corresponda deixe de desenvolverse totalmente ou non se desenvolvera en parte coa regularidade axeitada para a normal execución do contrato, de acordo co establecido na documentación que rexe o contrato e logo de requirido o contratista en orde á reanudación da prestación, esta non se produza ou non se obteña contestación ao requirimento efectuado.
- c) A reiterada obstrución ou falta de colaboración por parte do contratista para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da subministración recoñecidas no presente prego, previamente advertidas por escrito.
- d) Cando a imposición de penalidades por calquera das causas previstas na cláusula 4.11, conxunta ou individualmente, superen un múltiplo do 10% do prezo do contrato principal (IVE excluído), a excepción das establecidas en materia de subcontratación e das establecidas polo incumprimento do prazo total e/ou dos prazos parciais.
- e) Cando se dea un incumprimento de maneira esencial nas obrigas de carácter social e laboral en relación á lexislación en materia de prevención de riscos laborais ou nas obrigas de carácter medioambiental.
- f) A renuncia expresa á realización da subministración nos termos contratados.
- g) O non comezo da execución dos traballos incluídos no contrato co persoal, cos requisitos e coa dedicación necesarias nun prazo inferior a cinco días hábiles dende a data de inicio do



prazo específico de execución correspondente ou a non asignación, durante a execución do contrato, do persoal necesario cos requisitos pertinentes para realizar os traballos por un prazo maior de cinco días hábiles dende que lle sexa requirido ao contratista.

h) O incumprimento das obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal

Nos supostos de escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade desta continuará o contrato coa entidade resultante ou beneficiaria, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do contrato, sempre que a entidade resultante ou beneficiaria manteña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación.

Dita subrogación da entidade resultante nos dereitos e obrigas da adxudicataria será autorizada polo órgano de contratación, tras a previa xustificación por parte da entidade resultante de manter a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación así coma a transmisión global do patrimonio de xeito tal que constituía unha rama de actividade con entidade e autonomía económica.

De conformidade co artigo 76 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a vixencia da Marca Galega de Excelencia en Igualdade se estenderá a todos os anos de execución do contrato, e suporá o inicio do procedemento de resolución do contrato sempre que a obtención da marca fose determinante para a súa adxudicación.

4.13. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

No caso de que SPI Galicia, SA acordase a suspensión do contrato ou esta tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta na cal se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103 RGLCAP.

Acordada a suspensión, SPI Galicia abonará ao contratista, se fose o caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto no artigo 307 da LCSP.



ANEXO I) DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DO DECLARANTE

Nome: Apellidos: NIF:

Teléfono: Fax: Correo electrónico:

Domicilio social:

(en caso de actuar en representación):

NIF: Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva ningunha, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares ou, no seu caso, proxecto, así como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.
- Que se cumpran os requisitos de capacidade de obrar para contratar coa Administración que esixen os artigos 65 e 84 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), que a sociedade está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación e conta coa personalidade xurídica, e, no seu caso, a representación, necesaria para contratar coa administración, segundo o indicado no apartado 3.8.1 deste PCAP.
- Que ostento poder bastante para representar á entidade licitadora (no caso de persoas xurídicas).
- Que a entidade á que represento é unha microempresa, ou pequena ou mediana empresa, segundo o establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado. (DO-L-187/1 de 26.6.14):

Sí

Microempresa (empresa que conta con menos de 10 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 2 millóns de €)

Pequena empresa (empresa que conta con menos de 50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 10 millóns de €)

Mediana empresa (empresa que non é nin unha microempresa nin unha pequena empresa, que conta con menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 50 millóns de € e cuxo balance total anual non excede de 43 millóns de €)

Non

- Que a entidade conta coa solvencia económica e financeira e a solvencia técnica ou profesional, ou ben, de ser o caso, de estar en posesión da clasificación necesaria para a realización do obxecto do contrato de acordo co esixido no prego de cláusulas administrativas particulares e co disposto no artigo 77.b) da LCSP.



- Que a entidade se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin segundo o esixido neste PCAP.
- Que no suposto de ser proposta como adxudicataria do contrato a entidade acreditará, previo requirimento do órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos esixidos segundo o artigo 150.2 da LCSP e o presente PCAP.
- Que a entidade, de acordo co establecido no artigo 140.3 da LCSP, achegará ante o órgano contratación, cando lle sexa requirido a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o 140.1 da LCSP, cando resulte necesario para en orde a garantir o bo desenvolvemento do procedemento, e en todo caso, antes de adxudicar o contrato
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 71 LCSP
- Que non forma parte dos órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto a estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal)
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes
- Que a entidade en relación ao Imposto de Actividades Económicas se atopa nalgunha das situacións seguintes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido:
 - Na situación de alta ó corrente no seu aboamento
 - Na situación de alta e en situación de exención de conformidade co artigo 82.1 apartados b), c), e) e f) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais
- Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores ao que continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.
 - ♦ Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificados do Estado (nº _____)
 - ♦ Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)
- Os datos desta empresa anotados no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - Non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado de Rexistro.
 - Sufriron variación nos aspectos que a continuación se indican segundo se acredita mediante os documentos que se anexan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado de Rexistro

.....



- Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):
- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
 - ↳ Pertence ao grupo de empresas..... ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b)etc.

A empresa....., de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral de lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar canta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

No caso de unión temporal de empresas deberán indicar, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, dirección, teléfono e fax de contacto.

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS

Autorizo a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola administración contratante.

3. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao amparo do disposto no artigo 133.1 da LCSP désígnase como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....

Motivación:

.....

4. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado por Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG nº 179, do 19 de setembro).

5. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL (SÓ PARA EMPRESARIOS ESTRANXEIROS)

Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que me puidera corresponder.

6. TRATAMENTO DE DATOS PERSONAIS



De acordo con o artigo 122 da LCSP, e no caso de que teña previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados no relativo ao tratamento de datos persoais naqueles contratos que requiran a cesión de datos ao contratista, indícase a continuación o nome e o perfil empresarial, definidos por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización:

.....
.....

Lugar e data e sinatura



ANEXO II)

MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

Don/dona....., con NIF número en nome de..... (persoa, entidade ou empresa que representa), con NIF/CIF númeroe domicilio social en, provincia de, rúa, número tendo coñecemento da licitación, polo procedemento aberto con pluralidade de criterios, para a adxudicación da subministración, así como das condicións e requisitos que se esixen para a dita licitación e adxudicación, comprométeseen nome propio ou da empresa que representa..... a realizalas con estrita suxeición aos pregos de bases e de prescricións, nas seguintes condicións:

a) Oferta económica

SOLUCIÓN	CANTIDADE EN NÚMERO
“BASE”	Sen IVE IVE Total

Para todos os efectos, a presente oferta comprende o importe do IVE, como unha partida independente, a tenor do disposto na lexislación vixente.

b) Recollida dos vehículos da empresa:

SI

Prezo ofertado:

Prezo de taxación (1.500 €).....5 puntos

Prezo de taxación máis (200 €).....10 puntos

Prezo de taxación máis (400 €).....15 puntos

Prezo de taxación máis (600 €).....20 puntos

NON

c) Servizo de limpeza dos vehículos: SI NON

d) Instalación dun sistema de localización de vehículos por GPS: SI NON

Lugar, data e sinatura

- Xunto con esta oferta deberá incluírse no arquivo B unha Ficha de especificacións técnicas dos vehículos acreditativa das características mínimas establecidas no prego de prescricións particulares.



ANEXO III) MODELO DE AVAL DEFINITIVO

A Entidade e no seu nome e representación, en calidade de e segundo as facultades resultantes da escritura de poder, outorgada perante o notario de don/a con data do, número do seu protocolo e que afirman encontrarse integramente subsistentes, constitúese avalista fiador solidario da empresa en interese e beneficio de SPI Galicia, SA pola suma de euros, para efectos de garantir o exacto cumprimento pola empresa antes mencionada de todas e cada unha das obrigas concretas no correspondente contrato de Subministración de catro vehículos en réxime de alugamento para a Sociedade Pública de Investimentos (SPI-Galicia, SA) .

O indicado aval é prestado pola Entidade con expresa e formal renuncia dos beneficios de excusión, división, orde e calquera outro que poida ser de aplicación, e para o efecto a Entidade declara que quere obrigarse e se obrigase conxunta e solidariamente coa compañía, a pagar con carácter incondicional ó primeiro requirimento e dentro, como máximo, dos oito días seguintes a ser requirido, a suma ou sumas que, ata a concurrencia da cantidade afianzada de euros se expresa no requirimento, renunciando a Entidade expresa e solemnemente, a toda excepción ou reserva en canto ó libramento das cantidades que lle fosen reclamadas, calquera que fose a causa ou motivo en que estas puidesen fundamentarse, e aínda que se manifeste oposición ou reclamación por parte de ou de terceiros, quenquera que fose.

O presente aval estará en vigor ata que a SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A. ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso, autorice expresamente a súa cancelación ou devolución, de acordo con o establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.



ANEXO IV)

ORIENTACIÓN PARA CUBRIR O DEUC

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) nº 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

- a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (Rolece) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 341.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (endereço da internet, todos os datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no Rolece ou no RXCG, a seguir esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben ser subministrados, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, e a empresa debe asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, de estar, non están actualizados, no seu caso concreto.

- b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adjudicación o primeiro deberá exixir ao adjudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir os licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo rexistro de licitadores que corresponda [Rolece ou RXCG].

Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

A súa formalización non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.

Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita neles ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

- Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non figuraren en poder do Rolece ou RXCG.
- Que datos son susceptibles de estar inscritos no Rolece ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan nel de maneira actualizada.

Sección	É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste punto deben ser cubertos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	



<p>Se é o caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)?</p> <p>En caso afirmativo: Registro en que está inscrito e número de inscrición</p> <p>Certificación en formato electrónico</p> <p>Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista</p> <p>Coa clasificación cúmprense todos os criterios de selección? En caso negativo, cubra a parte IV deste formulario (seccións A, B, C ou D, segundo proceda.</p> <p>Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente?</p> <p>Dispoñible en formato electrónico</p>	<p>Si () Non () Non procede ()</p> <p>() Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa)</p> <p>() Registro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia</p> <p>NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS</p> <p>Si () Non ()</p> <p>Si () Non ()</p> <p>Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación</p> <p>() Registro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia</p>
<p>Forma de participación.</p>	
<p>Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?</p>	<p>Si () Non ()</p>
<p>En caso afirmativo b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.</p>	<p>Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS de la empresa.</p> <p>No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar:</p> <p>() Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa)</p> <p>() Registro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia</p>



Na parte II, na letra B, denominado Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario que sexa cuberta se o licitador está no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección B	
Representación Nome e apelidos: Cargo: Enderezo postal: Teléfono: Correo electrónico: Información sobre representación (forma, alcance, finalidade...)	NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS

Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótese que España traspuxo a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que modifica a regulación desta materia na LCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 70 e 71 e creando «ex novo» o artigo 73 bis, polo que, con carácter xeral, nesta materia non procede falar de efecto directo senón de mera aplicación de normas nacionais.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no *Rolece e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, nº de sección	DN	Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social).
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
Sección C		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade).



Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 71.1.c).
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional).
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 71.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 70.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 71.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 71.1, letra e) e 60.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 71.1.e).
Sección D	-----	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicador

Declarouse a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non ()
	Se é afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:

Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, é dicir, se os operadores económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios. Nese caso bastará responder SI ou NON no punto titulado "Indicación global relativa a todos os criterios de selección" e queda excluída a formalización dos puntos seguintes:

- A. Idoneidade
- B. Solvencia económica e financeira
- C. Capacidade técnica e profesional
- D. Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, esta non conste de maneira



actualizada. Neste punto novamente indícase, a modo orientativo respecto do Rolece e do RXCG, que información ou datos poderían estar inscritos e cales non.

Parte IV. Criterios de selección

Sección	É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece?
A [«Indicación (...)»].	
A («Idoneidade»).	
Figura inscrito nun rexistro profesional ou mercantil no seu Estado membro de establecemento?	Non está no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no Rolece, cando conforme a lexislación nacional, se requira unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	
O seu volume de negocios anual (xeral), durante o número de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no Rolece.
O seu volume de negocios anual (medio), durante o número de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no Rolece, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscribibles, indicados na pregunta anterior)
Se non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no Rolece.
En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte...	Non está no Rolece, pero todas as ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscribibles).
O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte...	Si podería estar no*Rolece.

Parte V.

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos a que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cuberta e asinada pola empresa interesada en todo caso.



D. PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS



1.- OBXECTO DA CONTRATACIÓN

O presente prego ten por obxecto describir as características e fixar as condicións ás que se axustará a contratación da subministración de 4 vehículos en réxime de aluguer para a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA. (SPI-Galicia, SA.).

Licítanse os seguintes vehículos:

Número de vehículos	Tipo de vehículo
4	Turismo

2.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS, DE SEGURIDADE E DE CONFORT MÍNIMAS ESIXIBLES

Combustible: diésel ou gasolina

Cambio: manual ou automático

Pneumáticos de inverno: (con marcaxe M+S e pictograma 3PMSF)

Lonxitude mínima: 4150 mm

Número de portas: cinco

Número de prazas: cinco

Motor con potencia mínima de 120 CV

Motor con cilindrada mínima de 1450 cc.

Dirección asistida variable

Freos de disco dianteiros e traseiros

Sistema ante bloqueo de freos (ABS)

Reparto electrónico de freada

Sistema de control de estabilidade

Número de airbags mínimo: conductor e acompañante

Acendido de luces automático

Faros con iluminación LED



Faros antenóboa dianteiros

Sensores de aparcamento dianteiros e traseiros e/ou cámara de visión traseira

Sistema de axuda de arranque en pendente

Sistema de alerta de cambio involuntario de carril

Sistema de advertencia de ángulo morto

Regulador/Limitador de velocidade

Sensor de choiva con limpa parabrisas automáticos

Eleva lúas dianteiros eléctricos

Climatizador

Peche centralizado con mando a distancia

Retrovisores externos regulables electricamente dende o interior

Volante regulable en altura e profundidade

Asentos con repousacabezas dianteiros e traseiros

Equipo de audio

Sistema de telefonía mans libres integrado (conexión bluetooth) con asistente marcación por voz

Un dispositivo luminoso de presinalización V-16 de marca e modelo certificado pola DXT

2 chalecos reflectantes homologados

Unha caixa de primeiros auxilios

Cor branca ou gris metalizado

Roda de reposto igual as do resto do vehículo, que non reste capacidade ao maletreiro

3.- CONDICIÓN DO ALUGAMENTO

a) Definición dos vehículos

Os vehículos virán definidos pola marca, modelo, tipo, variante e versión e estarán equipados cos elementos obrigatorios regulamentarios.

Tódolos vehículos deberán cumprir coa normativa vixente da Unión Europea en materia de redución de emisións contaminantes.



b) Antigüidade dos vehículos

Na data da entrega os vehículos subministrados serán novos ou poderán ter, como máximo, unha antigüidade de seis meses, a contar dende o momento da matriculación destes.

c) Impostos

Todos os impostos durante a duración do contrato correrán a cargo da empresa adjudicataria do alugamento, incluído o imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM). Así mesmo, será por conta do adjudicatario o importe dos trámites necesarios para a súa matriculación, ademáis do propio de matriculación e o importe sobre o valor engadido que grava a adquisición dos vehículos a alugar.

d) Seguros

Os vehículos estarán debidamente cubertos, a cargo do arrendador, por unha póliza de seguros a todo risco que cubra como mínimo o seguro obrigatorio e voluntario de circulación, danos propios por accidente, roubo e incendio, sen franquía, responsabilidade civil ilimitada, danos a ocupantes, tanto para o condutor como para todos os acompañantes.

Os seguros cubrirán os danos por incendio e roubo nos equipamentos e obxectos propiedade de SPI-Galicia, SA. instalados ou depositados no vehículo.

e) Servizo de mantemento e garantía

Cubrirá calquera gasto de repostos, man de obra, lubricantes, pneumáticos, baterías, líquido refrixerante, limpa parabrisas e similares, incluíndo igualmente os aditivos ao combustible que precise para o seu normal funcionamento segundo as indicacións do fabricante e calquera outro gasto de mantemento e reparación con excepción do consumo de combustible propiamente dito.

O adjudicatario deberá realizar durante o alugamento todas as reparacións e revisións que sexan necesarias co fin de conservar os automóviles no estado de servir para o uso ao que se destinan.

As reparacións e mantemento dos vehículos realizaranse exclusivamente en concesionarios oficiais da propia marca do vehículo ou en talleres previamente autorizados pola SPI-Galicia, SA.

No caso de que derivado do mantemento do vehículo ou ven das posibles avarías que se produzan sexa preciso a substitución de compoñentes, tan so se admitirán repostos orixinais da mesma marca e das mesmas características e calidade que a peza substituída. Calquera recambio con orixe distinta debe ser consultado previamente a súa instalación a SPI-Galicia, SA. e autorizado expresamente por esta.

O adjudicatario facilitará o calendario de revisións de todos os vehículos no que se especificarán os criterios teóricos de substitución das rodas e de todos aqueles elementos do vehículo que incidan de forma sensible na seguridade do peoral. Si se considera polo órgano de contratación que o estado dos pneumáticos non garante a debida seguridade, antes do establecido no calendario, o arrendador procederá de inmediato a substituílos por outros novos.



A empresa arrendadora será a responsable da supervisión e control do bo estado de funcionamento dos vehículos en todo momento, para o que presentará un calendario de seguimento no que periodicamente se comprobe o normal funcionamento dos mesmos e o seu estado en xeral. Esta calendario de visitas presentase ao inicio do contrato e debe contar coa aprobación de SPI que facilitará o acceso do persoal do arrendador para realizar a dita inspección. O calendario debe establecer como mínimo unha inspección trimestral de cada un dos vehículos obxecto deste contrato.

SPI-Galicia poderá reclamar a reparación ou substitución de calquera elemento do vehículo cando se detecte unha avaría ou ben se considere que non reúne as condicións esixibles de funcionalidade ou seguridade para o normal uso do vehículo. Deste xeito, darase aviso ao arrendador para que se encargue da reparación ou substitución do dito elemento atendendo ao disposto no apartado de vehículo de substitución deste prego cando resulte necesario.

En concreto, para a substitución das rodas deben manterse as mesmas características que se indican no apartado 2 deste Prego en canto que se deben empregar rodas de inverno con marcaxe M+S e o correspondente pictograma 3PMSF. A marca de rodas que se utilice debe contar en todo caso coa autorización expresa de SPI. So se admitirán marcas que garantan o cumprimento das características de calidade e seguridade esixidas para este tipo de pneumáticos.

O incumprimento dos requisitos indicados nos parágrafos anteriores por parte do arrendador poderá dar lugar á devolución do vehículo ata que se corrixan as deficiencias indicadas con aplicación das correspondentes deducións no pagamento do contrato.

Os gastos derivados das reparacións e revisións a que se refiren os dous parágrafos anteriores, así como o importe das pezas ou partes integrantes do vehículo que sexa preciso substituír serán a conta da empresa adxudicataria.

A empresa adxudicataria proporcionará, como mínimo, un número de teléfono, e unha dirección de correo electrónico co fin de facilitar a realización das revisións.

A empresa adxudicataria debe recoller por escrito, no correspondente documento, o procedemento que debe seguir o condutor do vehículo no suposto de que lle acaeza algunha incidencia cando estea na estrada. Este documento terá que ir no vehículo e o procedemento indicado deberá ser debidamente explicado aos usuarios dos vehículos. Este procedemento deberá incluír como mínimo un teléfono de asistencia con atención 24h os 365 días do ano con servizo de grúa e transporte alternativo aos acupantes con cobertura nacional.

Calquera dano ou perda, tanto no vehículo como nos equipos instalados nel, mentres estea en poder do arrendador será responsabilidade do mesmo.

f) Vehículo de substitución

No caso de sinistro ou roubo, o adxudicatario deberá poñer a disposición de SPI-Galicia, no prazo máximo de 48 horas a contar desde o momento en que se lle comunique a incidencia, un vehículo de substitución de características iguais ou superiores ao vehículo substituído.



Nos casos de avaría ou revisión, a empresa adxudicataria encargarse de recoller o vehículo obxecto da reparación ou revisión e devolvelo ao seu usuario, nun prazo non superior a 48 horas, sendo substituído por outro igual ou de características superiores no caso de non ser revisado ou reparado no prazo indicado. Este prazo será sempre de 48 horas con independencia de que as avarías se produzan en días laborables ou festivos. Esta condición esíxese tamén para o caso de que a avaría se produza no vehículo de substitución.

O órgano de contratación, baseándose nos informes técnicos oportunos, poderá esixir do adxudicatario a substitución dun vehículo alugado por outro novo cando aquel sufra reiteradas avarías que demanden continuas reparacións.

Naqueles supostos en que as empresas adxudicatarias non teñen unha oficina en Galicia, estas estarán obrigadas a entregar os vehículos obxecto de alugamento no lugar e tempo fixados por SPI, de conformidade co establecido neste prego, así como no prego de cláusulas administrativas particulares.

g) Quilometraxe

A quilometraxe dos vehículos a alugar será ilimitada.

h) Entrega dos vehículos

A Empresa adxudicataria estará obrigada a entregar os vehículos obxecto de alugamento nas dependencias de SPI-Galicia, SA e tempo fixado pola Sociedade e de conformidade co establecido neste prego, así como no prego de cláusulas administrativas particulares. O prazo para entregar todos os vehículos no lugar sinalado será de 30 días naturais a contar dende o día seguinte a sinatura do contrato.

A empresa adxudicataria facilitará, no momento da entrega dos vehículos, unha relación da documentación e dos accesorios que leva cada vehículo. Así mesmo, a empresa adxudicataria, no momento da entrega dos vehículos, deberá explicar de xeito claro e conciso ao persoal de SPI o funcionamento de todas as particularidades que poidan ter os vehículos.

i) Prazo de duración do contrato unha vez entregados os vehículos

Unha vez subministrados todos os vehículos SPI disporá dun prazo de 48 meses para o seu uso a contar dende o día seguinte ao que se produza a antedita entrega.

4.- ORZAMENTO

O número de vehículos a subministrar será de 4 unidades

O orzamento base de licitación: 96.000,00 € , IVE (21%) 20.160,00 € TOTAL IVE incluído: 116.160,00 €



5.- PAGAMENTO

O pago do aluguer dos vehículos realizarase mediante pagos mensuais contra as facturas emitidas polo arrendador.

Na dita factura descontarase o importe da parte proporcional correspondente aos días nos que o vehículo ou o vehículo de substitución, de ser o caso, non estea a disposición de SPI por causa imputable ao arrendador.

Descontarase igualmente da valoración mensual do contrato a parte correspondente dos días necesarios para substituír as pezas ou compoñentes previamente instalados sen autorización de SPI consonte co establecido no apartado e) do punto 3. Condicións do alugamento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

